

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

692 *Real decreto 2/2014, do 10 de xaneiro, polo que se modifica o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.*

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) conta no seu patrimonio cunha ampla infraestrutura de silos utilizada tradicionalmente para a xestión das compras e almacenamento público de cereais, como parte integrante das actuacións de intervención e regulación de mercados. Os ditos silos viñeron funcionando sen interrupción durante décadas, ben que, como consecuencia da redución progresiva da intervención de produtos agrícolas no seo da UE, hoxe en día resultan practicamente inservibles. Esta falta de utilidade propiciou que moitas desas infraestruturas estean nunha situación de abandono.

Considerando que o mantemento dunha rede de almacenamento representa un custo elevado que é difícil de xustificar, e que non existe unha previsión clara de utilización no futuro, dada a situación de franca deterioración en que se encontran, considérase imprescindible proceder ao seu alleamento como único medio de posibilitar que as ditas infraestruturas poidan ser utilizadas para outros fins que contribúan á creación de emprego e á reactivación da economía.

O número 3 do artigo 81 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, exige para o alleamento de bens e dereitos dos organismos autónomos que figure a dita facultade no respectivo estatuto orgánico do organismo en cuestión, previsión que non está recollida expresamente no Estatuto orgánico do FEGA, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.

En consecuencia, resulta necesaria a modificación do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, co obxecto de incluír a facultade de alleamento dos inmobles pertencentes á rede básica de almacenamento público, inmobles que forman parte do patrimonio do citado organismo.

Unha vez incorporada a referida facultade de alleamento de bens do organismo, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá acordar a non incorporación dos inmobles destinados ao almacenamento público ao patrimonio da Administración xeral do Estado e, en consecuencia, permitir ao presidente do FEGA o seu efectivo alleamento conforme o previsto no artigo 81 e na sección II do capítulo V do título V da referida lei.

Adicionalmente, procédese a modificar o inicio e a instrución dos procedementos de determinación e repercusión das responsabilidades financeiras por incumprimento do dereito da Unión Europea no ámbito dos fondos europeos agrícolas, de acordo co Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea.

De conformidade co disposto no número segundo do artigo 63 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, modifícase o Estatuto do organismo autónomo Fondo Español de Garantía Agraria.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do 10 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.*

Modifícase o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, da seguinte forma:

Un. O número 3 do artigo 1 queda redactado como segue:

«3. O FEGA ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, incluída a de allear os bens inmobles da rede básica de almacenamento público, pertencentes ao seu patrimonio e relacionados no anexo deste estatuto, nos termos establecidos nel, salvo a potestade expropiatoria.»

Dous. O número 5 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«5. O inicio e a instrución dos procedementos para a determinación e repercusión das responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea no ámbito dos fondos europeos agrícolas, conforme o previsto no Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea.»

Tres. A letra i) do número 2 do artigo 4 queda redactada como segue:

«i) Allear os bens inmobles da rede básica de almacenamento público relacionados no anexo deste Estatuto, pertencentes ao seu patrimonio, de acordo co previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.»

Catro. Consecuencia do previsto no número anterior, a actual letra i) do número 2 do artigo 4 pasa a ser a letra j).

Cinco. As letras b) e g) do número 3 do artigo 4 quedan redactadas do seguinte modo:

«b) Subdirección Xeral de Auditoría Interna e Avaliación, á cal lle corresponden as funcións establecidas no artigo 3.5 e 3.10, o fomento da colaboración cos servizos de auditoría interna dos organismos pagadores das comunidades autónomas, a avaliación dos métodos de xestión e control das actuacións financiadas polos fondos europeos agrícolas e a elaboración e remisión á Comisión das declaracións de gastos e as solicitudes de pagamento relativas ás medidas incluídas no programa operativo do actual Fondo Europeo da Pesca e do futuro Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.»

«g) Subdirección Xeral de Fondos Agrícolas, á cal lle corresponde velar pola aplicación do disposto no artigo 2.2 e as funcións establecidas nos números 4, 9 e 11 do artigo 3, así como a coordinación da interlocución mencionada no artigo 3.1, a coordinación financeira das actuacións dos organismos pagadores.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO